

EU NON CREO

Ao longo da historia a saúde das persoas viuse afectada polos pensamentos relixiosos (implantados) na sociedade dende que nacemos. Con este traballo pretendo reflexionar sobre como afectan as relixións, as crenzas, certos pensamentos étnicos, na nosa saúde tanto persoal como social.

O pensamento crítico vese totalmente afectado nas persoas que seguen estas crenzas, xa que a maioría das veces toda a información que reciben da man dos líderes destes movementos está totalmente manipulada para conseguir manter a orde e que a sociedade siga os seus pensamentos e así convencelos de que se están dirixindo polo bo camiño da vida, cando realmente o único que están conseguindo é abater o pensamento crítico individual da sociedade, conseguen derrubar as ideas propias, a capacidade de cuestionarse a un mesmo, a idoneidade de reflexión sobre a existencia dos entes e elementos.

A interacción entre a relixión e a saúde humana é un tema complexo que merece unha detida reflexión, xa que as relixións foron a primeira forma de xustificar os fenómenos que ocorrían no mundo antes do desenvolvemento da ciencia.

Por unha banda, a relixión foi fonte de consolo para moitas persoas en momentos difíciles, o que pode ter efectos positivos na saúde mental e emocional da xente. Pero tamén é importante recoñecer que as crenzas relixiosas poden ter impactos verdadeiramente negativos na saúde, especialmente cando se usan para xustificar prácticas nocivas ou cando se enfrontan a tratamentos médicos baseados na evidencia.

No ámbito da saúde mental, a relixión utilizouse como recurso para axudar ás persoas a afrontar certas condicións psicolóxicas. A fe pode proporcionar un sentido de propósito pero debémos recoñecer que a relixión tamén pode contribuír á culpa, ao medo e á intolerancia, especialmente cando se ensinan dogmas ríxidos ou se promoven interpretacións extremistas das escrituras sagradas.

No ámbito da saúde física, as crenzas relixiosas poden influír nas decisións médicas das persoas, o que pode ter consecuencias tanto positivas como negativas.

Algunhas prácticas relixiosas promoven estilos de vida saudables, como a abstinencia de substancias nocivas, a promoción da alimentación saudable e o exercicio físico. Pero tamén hai casos nos que as crenzas relixiosas poden dificultar o acceso a unha atención médica adecuada ou promover prácticas nocivas, como rexeitar as transfusións de sangue, que poden poñer en perigo a vida de calquera membro compoñente dunha sociedade na que estes pensamentos xa non deberían existir. A prioridade debe ser a nosa saúde e non as prácticas relixiosas.

No que respecta á ciencia, a relixión adoita ser vista como un obstáculo para o avance do coñecemento científico, especialmente cando as crenzas relixiosas entran en conflito coas teorías científicas. As interpretacións relixiosas poden limitar o progreso científico ao rexeitar a evidencia

empírica a favor do dogma relixioso, ensinar creacionismo en lugar de teoría evolutiva, limitando así o potencial de futuros avances científicos, como os estudos con células nai.

En resumo, aínda que a relixión e outras formas de pensamento poden ter impactos tanto positivos como negativos na saúde das persoas e na ciencia. É importante fomentar un diálogo entre a relixión e a ciencia, recoñecendo as contribucións únicas de cada un e buscando un equilibrio que promove o benestar humano e o avance no ámbito do coñecemento.

A continuación centrareime nun dos casos que foi moi soado nos últimos anos, grazas ás redes sociais e a diferentes documentais que se fixeron arredor deste modo de pensamento. A relixión ultraortodoxa.

A influencia da relixión ultraortodoxa na saúde dos seus practicantes pode ser un gran exemplo da carencia de coñecementos de ámbitos externos á relixión do practicante. Isto vóltanos mostrar a falta de pensamento crítico fóra da mentalidade de grupo.

A relixión ultraortodoxa caracterízase pola súa estrita adhesión ás tradicións relixiosas e ás ensinanzas da súa fe, mantendo un estilo de vida moi tradicional e ultraconservador. Inclúe prácticas como o estrito cumprimento das leis dietéticas, a separación de xénero na vida cotiá. A miúdo distínguense da sociedade moderna pola súa vestimenta e a súa intensa dedicación ao estudo relixioso.

A parte positiva da relixión ultraortodoxa é que promove un estilo de vida que inclúe prácticas saudables, como a abstinencia de tabaco, alcohol e drogas, así como unha dieta kosher que pode ter beneficios para a saúde.

Certos aspectos negativos afectan a algunhas comunidades ultraortodoxas como ter taxas máis altas de consanguinidade debido á tendencia a casar dentro da mesma comunidade, aumentando o risco de enfermidades xenéticas. O cumprimento estrito das normas relixiosas, incluídas as restricións dietéticas e as prácticas rituais, pode provocar conflitos en torno á dieta, o exercicio e o acceso á atención médica adecuada.

Nalgunhas comunidades ultraortodoxas, pode haber unha falta de educación sobre a saúde sexual. Nalgúns casos, as autoridades relixiosas poden prohibir o uso de métodos anticonceptivos, o que pode ter consecuencias negativas para a saúde das mulleres e das súas familias, afectando directamente na planificación familiar e acotando unha vez máis a liberdade que as mulleres teñen como persoas dentro dunha sociedade, como gromos de infección vía sexual, embarazos inesperados en adolescentes, enfermidades de transmisión sexual...

Un claro exemplo sobre esta abolición da reflexión crítica individual, onde a saúde se ve afectada, foi epidemia de sarampelo en Nova Iorque nun barrio onde residían xudeus ortodoxos. As autoridades da cidade advertiron que a pandemia débese ao rexeitamento de boa parte da comunidade ortodoxa a vacinarse. O peor desta situación é que os xudeus ortodoxos non teñen ningunha razón relixiosa para non recibir as vacinas, entón Por qué esta comunidade rexeitan esta acción? Este movemento antivacinas estendeuse pola comunidade ultraortodoxa a través de grupos que organizan eventos e campañas antivacinas xa que non están de acordo cos ingredientes das mesmas vacinas,

pola desconfianza ante as forzas modernas superiores a eles, porque pensan que Deus os salvará de calquera enfermidade e os protexerá contra as enfermidades.

Isto tamén afecta ao coñecido como inmunidade de rebaño, que é un concepto onde nunha situación de epidemia, que se refire a protección indirecta contra unha enfermidade infecciosa que ocorre cando unha poboación alcanza un nivel suficiente alto de inmunidade, xa sexa a través da vacinación ou da exposición previa da enfermidade. Cando unha gran porcentaxe da poboación é inmune, o virus ten dificultades para propagarse, o que protexe incluso a aqueles que non son inmunes.

Seguidamente presentarei o dilema sobre a mutilación xenital feminina en certas etnias Africanas. A mutilación xenital feminina (MXF) é unha práctica que supón a extirpación parcial ou total dos órganos xenitais externos das mulleres, sen motivos médicos xustificados. Esta práctica realízase por diversos motivos culturais, relixiosos e sociais nalgunhas comunidades, principalmente en África, Asia e Oriente Medio.

En África máis de 200 millóns de mulleres e nenas foron sometidas a esta práctica, principalmente para que a muller non sinta ningún tipo de pracer ao manter relación sexuais. Ademais de que así estará condicionada a respectar ao seu marido e a única finalidade da práctica sexual da muller sexa a reprodución, e ao cabo de 9 meses, se todo sae ben, xurda a vida, xa que non afecta a fecundidade.

A práctica da MXF, que inclúe o corte do clítoris, ten graves repercusións para as mulleres que poden ser tanto físicas como psicolóxicas e afectan profundamente á saúde e ao benestar destas mulleres.

En primeiro lugar, desde unha perspectiva física, a ablación do clítoris pode causar unha serie de complicacións de saúde a curto e longo prazo. Estes poden incluír dor extrema durante o procedemento, hemorrxias, infeccións (nunha gran porcentaxe xa que a práctica non está realizada por médicos especializados, nin nun quirófano, se non que o practican mulleres da etnia en condicións insalubres), problemas urinarios, dificultades durante o parto e aumento da susceptibilidade a enfermidades como o VIH/SIDA debido á falta de hixiene. Ademais, as cicatrices resultantes poden causar dor crónica e problemas xinecolóxicos ao longo da vida.

Desde unha perspectiva psicolóxica, a MXF pode causar traumas profundos e duradeiros. As mulleres que foron sometidas a esta práctica poden experimentar ansiedade, depresión, trastorno postraumático, baixa autoestima e dificultades nas relacións interpersoais. A sensación de perda de control sobre os seus propios corpos e a violación da súa integridade física e sexual poden deixar graves problemas emocionais que perdurarán no tempo.

Ademais, a MXF alimenta o ciclo de desigualdade de xénero e violencia contra as mulleres e os seus dereitos. Esta práctica baséase en normas culturais e sociais que perpetúan a subordinación das mulleres e o seu control por parte dos homes. Ao restrinxir a sexualidade feminina e manter o control sobre os seus corpos, esta práctica reforza a desigualdade de xénero e nega ás mulleres o dereito fundamental á autonomía e dereito sobre os seus corpos.

En resumo, a ablación do clítoris ten efectos devastadores sobre as mulleres afectadas e é fundamental abordar estas situacións desde a perspectiva dos dereitos humanos, traballando para erradicala e promover o empoderamento e a saúde das mulleres e nenas pertencentes a estas etnias.

Unha das noticias máis indignantes que a sociedade observou nos últimos anos foi cando os líderes relixiosos e políticos de Gambia intentaban legalizar a MXF que estaba prohibida no país africano. Isto só representa doutra forma como cada vez as persoas están máis enganadas e non pensan nas consecuencias destas prácticas. O único que fan estas noticias é mostrarnos unha vez máis a falta de consistencia dentro do nos propio pensamento crítico.

Tras esta reflexión volvo a mostrar un exemplo da abolición de pensamento individual na sociedade actual, por culpa dunha relixión, neste caso as testemuñas de Xehová.

Esta relixión caracterízase pola súa énfase na predicación e a evanxelización, así como polo seu rexeitamento a doutrinas como a Trindade e a celebración de festas como o Nadal.

As Testemuñas de Xehová cren na autoridade da Biblia e teñen unha interpretación propia dela, considerando tal adoración a Xehová.

Para esta relixión, tomar medicamentos ou recibir tratamentos médicos pode supor problemas moi graves éticos e relixiosos, a parte de ter unha repercusión dentro da comunidade que eles forman.

Como parte da súa interpretación da Biblia, as Testemuñas de Xehová normalmente abstéñense de recibir transfusións de sangue, crendo que o sangue é sagrado e que aceptar transfusións viola os principios bíblicos. Isto pode ter repercusións importantes para unha testemuña de Xehová que se enfrenta a problemas de saúde e necesita tratamentos médicos que impliquen transfusións de sangue ou produtos sanguíneos. En situacións críticas, como cirurxías ou urxencias médicas non aceptar transfusións de sangue pode aumentar o risco de complicacións ou mesmo poñer en perigo a vida do paciente.

De feito as persoas que pertencen as Testemuñas de Xehová, cando se fan Testemuñas, teñen que asinar un papel, que no caso de necesidade de transfusión de sangue esta sexa totalmente rexeitada polo paciente, polo tanto o servizo médico non poderá realizar a transfusión sanguínea.

Ademais, non aceptar certos tratamentos médicos pode limitar as opcións dispoñibles para a testemuña de Xehová, o que pode afectar á súa calidade de vida e á súa capacidade de recuperarse dunha enfermidade ou da lesión que sofre.

Un exemplo dun caso que ocorreu en España foi que unha Testemuña denunciou ante o tribunal europeo, ao Goberno español, pola realización dunha transfusión sanguínea que salvou a súa vida.

Neste exemplo voltamos a concluír a falta de lóxica nas persoas pertencentes a relixións que o único que fan é meter nas cabezas de xente chea de desesperación e falta de información, ideas disparatadas que poñen en risco a súa integridade dentro da sociedade, que poñen en perigo a saúde de xente que simplemente precisa axuda ou que non se dan conta do mal que lles poden chegar a facer as súas propias crenzas. Estas xogan na súa propia contra, e mentres non nos mobilicemos para cambiar este tipo de situacións as sociedades futuras non cambiarán, ao

contrario empeorarán.

En conclusión, ao longo da historia todos estes pensamentos afectan non só á saúde dunha soa persoa senón a unha comunidade de persoas, como mencionamos anteriormente, cando un conxunto de persoas adoptan esta actitude de inmunidade de rebaño, tal como xa foi explicado.

Galeguiña.